

PEQUENA REFLEXIÓN

O estilo de vida moderno, do que case todas as occidentais disfrutamos ata o de agora, está moi relacionado ca capacidade humana de extraer minerais das entrañas da terra e de transformalos. Eses minerais acompañanos diariamente nos telemoveis, nos ordenadores, nos centros médicos, nos avances estéticos, na industria aérea, armamentística...

Controlar as actividades extractivas e manufactureiras asegura un gran poderío político-económico.

No actual período de transformación económica, non é de estrañar que a debilitada U.E deba asegurar a súa posición internacional, e un modo de facelo é o expolio mediante guerras, e conseguindo certo nivel de autoabastecemento de produtos enerxéticos e materias primas estratéxicas. E os nosos famentos políticos venden a terra a capitais estranxeiros para asegurar o mantemento

do seu status quo.

Podemos indignarnos porque cando se vende a terra véndese a nosa calidade de vida. Ou podemos tomar conciencia da nosa responsabilidade como consumidoras de progreso, como elementos fundamentais que durante anos consentimos a explotación de máis da metade do planeta, facendo campañas solidarias polo Facebook para lavar a nosa atormentada conciencia de seres privilexiados.

Non nos enganemos, xa formamos parte do *outro lado* da economía. Rexeitar unha mina en Corcoesto ou en Xinzo, implica rexeitar tamén a megaminería en Arxentina, en Mali ou no Congo; pois as habitantes destes países están tamén en loita contra os abusos das multinacionais mineiras e dos gobernantes.

Reivindiquemos a nosa unión de pobo en loita, a resistencia e o empoderamento popular. Reivindiquemos a solidariedade, non queremos a mina na Galiza, nin a minería contaminante en ningunha parte do planeta ●

CONTRA O INIMIGO CHAMANOS O DEBER



GALIZA E UNHA MINA

¿GALICIA É UNHA MINA?

Galicia é unha mina” (slogan da Xunta de Galicia) Isto é o que representa a nosa Galiza para o “noso” goberno. O mesmo goberno que leva décadas enriquecéndose ás nosas costas e pensa seguir facendo así nos teña que chuchar toda a sangue da terra ata facernos desaparecer. Xa non contamos, estamos en crise, xa non producimos porque non traballamos e xa non lles enriquecemos, as nosas vidas perden valor. ¿Onde está agora a riqueza? ¿de onde sacar máis capital? As canandenses teñen unha resposta, o goberno ten xa unha solución.

No mes de Xaneiro a Xunta someteu a información pública os expedientes de diversos proxectos mineiros nos concellos de: Xinzo de Limia, Forcarei, Corcoesto, Castrelo de Miño, Ramirás e Cartelle. Parecen moitos pero só son una pequena mostra das múltiples solicitudes para concurso de dereitos mineiros que recibiu a Consellería de Economía e Industria nos últimos anos.

Esto non é novo, xa nos anos 90 iníciáanse estudos e prospeccións polos montes da Galiza buscando diversos minerais, mais daquela a extracción nesta zona non era rendible. A raíz da Lei de Ordenación da Minería na Galicia no ano 2008, ábrese a posibilidade de introducir unha nova metodoloxía mineira.

MINERÍA A CEO ABERTO

A minería a ceo aberto é unha mostra máis do reverso do estilo de vida moderno. Introduce un novo método extractivo máis rendible. Consiste en remover a capa superficial do terreo para facer accesibles grandes cantidades de minerais de baixa lei, que no pasado se consideraron non rendibeis pola escasa proporción de minerais de calidade, é dicir, explótanse uns poucos gramos de mineral por tonelada de material removido.

Utilízanse grandes cantidades de auga e sustancias químicas de elevada toxicidade, como o cianuro de sodio na extracción de ouro, e o ácido sulfúrico



na estración de cobre. A posta en marcha comprende catro etapas: Prospección dos xacementos, preparación das minas, explotación mineira, tratamento dos minerais obtidos para a súa comercialización. Cada unha destas etapas acarrea impactos ambientais concretos e en moitos casos irreversibles. Alteración do entorno: modifícase a morfoloxía do terreo, déixanse ao descuberto grandes cantidades de material estéril, potencialmente perigoso para a saúde. Altéranse cursos de auga e acuíferos, e nos diques de cola fórmanse grandes lagunas de material contaminado. Contaminación do aire: con po residual e outros elementos tóxicos orixinados nas distintas fases do proceso. Contaminación da auga: Lagunas de tratamento mal deseñadas ou con mantemento inadecuado que poden contaminar os cursos de auga superficial. Filtracións de augas contaminadas con substancias químicas, que poden alterar as fontes naturais de abastecemento. Contaminación do chan: Esta minería elimina a terra da zona de explotación, provocando un proceso de erosión

continuado da área periférica. Vertidos accidentais poden afectar a zonas cercanas esterilizándoas.

Os procesos de remediación post mina son insuficientes, unha restauración en condicións condicionaria a rendibilidade do proxecto. As empresas mineiras abandonan o lugar aumentando a súa conta de beneficios, e as comarcas han de coexistir no futuro cunha extensa masa de terreos mortos. Un custe inasumible que beneficia unicamente as grandes transnacionais da minería..

ASÍ FUNCIONA UNHA MINA

Argentina é un dos países nos que se está a desenrolar, a minería a ceo aberto. Nos primeiros anos da década dos 90 o Banco Mundial presiona ao país para que moviliçe as explotacións mineiras. Despois da crise a presidencia reforma a Lei Mineira abrindo a porta á megaminería ou minería a ceo aberto, licitando o inicio de 336 proxectos. Os xacementos son cedidos a multinacionais

Galicia, para silenciar as posibles queixas dxs medioambientalistas. Di o señor Alfonso que a Xunta exíselle á empresa 140.000 euros de garantía ambiental polos sondeos, e que de realizarse a obra mineira o compromiso ambiental subiría uns cantos centos de miles de euros máis. Xa veremos que fai a Xunta con eses cartos, despois de que tardara anos en reparar no desastre de Feldepatos Sarreaus S.L e cando aínda nin mirou para os restos de Nueva Rumasa en Penouta.

¿E a xente de Forcarei? Polo momento en Forcarei din que non queren mina a ceo aberto pero van pasando polo aro. A empresa estalles a pagar polas fincas nas que se fan as sondaxes, primeiro lles pagaron 100 euros. Cando a xente tivo noticia, por medio de internet, do custe da explotación (20 millóns de euros) esixiron máis cartos e déronlles 500 euros, bueno a uns 500 e a outros máis, sen explicación aparente. Nas sondaxes traballan 10 persoas, e na mina solo se prevé que traballen catro. Na comunidade de montes non se quere unha mina a ceo aberto desas dimensións, pero polo momento esperan sacar partido das

sondaxes. E así pouco a pouco o mal segue entrando na casa.

OUTROS PROXECTOS MINEIROS EN CURSO:

- Serra do Galmeiro, Vincios, Pontevedra. Umbono Capital multinacional sudafricana quere extraer Litio, itrio, escandio, tántalo.
- Monte Fortandión, Goente, A Coruña. Picobello Andalucita S.L multinacional inglesa e sudafricana, quere extraer andalucita. O Monte Fortandión está a 50 mts das Fragas do Eume, e o xacemento afectaría as augas do río Beelle. Este proxecto retomouse despois de reformar a Lei Mineira no ano 2008
- Sanxenxo, Incremento Grupo Inversor recibe subvencións para poñer en marcha unha mina de wolframio e estaño.





para avalar o proxecto mineiro. Feijoo ten asegurado que serán 1400. A empresa de 271 ao longo de oito anos de explotación. Destes 271, 133 quedaríanse en subcontratas e postos especializados, solo nove postos serían para xente local. Estes nove traballos serían un administrativo, cinco para almacén e tres para limpeza. Hoxe en día traballan nove nos sondeos, en quendas de traballo de 12 horas de luns a sábado pola tarde. Os postos de traballo son temporais, non cualificados e unha persoa pode acumular varios contratos, é dicir que si falan de 10 contratos non falan de 10 postos de traballo aínda que poda parecer o mesmo. Ante a promesa de traballo algunhas persoas poden ver con bos ollos a chegada deste tipo de proxectos. Incluso pódese tamén pensar que revisten no desenvolvemento industrial, reactivando a economía. E podería ser, pero despois de anos de experiencia como habitante da Galiza, teño motivos de sobra para pensar que non vai ser así. E o que si me creo é que a comunidade se divide entre as que rexeitan estes abusos, as pouquísimas que se enriquecen directamente, e as que non saben de orde lles ven o vento. Entón vai a haber uns aos que lles pagan

as fincas expropiadas, e pode que a partir de ahí deixen de estar en contra porque algo cobraron. Outros que consiguen traballo e non protestan porque de "algo hay que vivir". Pouco a pouco dividímonos e separámonos, abrindo as portas das nosas casas aos mesmos que levan anos e anos mexando por nos e dicíndonos que chove.

FORCAREI

División veciñal semental tamén en Forcarei, onde xa no ano 2003 e 2005 desembercaron os primeiros exploradores da multinacional canadense Solid Mines, con permiso da Xunta por suposto. O proxecto Mineiro San Miguel de Presqueiras abarca 2700 ha no concello de Forcarei, e tamén O Irixo, Lalín e Silleda, para extraer tantalio, litio, niobio, estaño e wolframio. O Monte Seixo, integrado na Rede Natura, non quedaría intacto de aprobarse este proxecto. A empresa publicita este proxecto por internet co fin de buscar financiación. O proxecto precisa dunha inversión de 20 millóns de euros. Tamén Alfonso Gracia, xeólogo económico e director do proxecto, concedeu unha entrevista con La Voz de

estranxeiras. Minera Alumbrera, na provincia de Catamarca, mina explotada por capitais suízos e canadenses. Un dos maiores xacementos que existen con ouro e cobre, ten 20 anos de vida útil e xera unha ganancia de 1.500.000.000\$ dólares anuais (en total uns 35.000.000.000\$). Extráense 700.000 tn anuais de concentrado de ouro e cobre. A totalidade do extraído expórtase a capitais estranxeiros onde o concentrado é tratado para extraer 180.000 tn de cobre, 600.000 onzas de ouro, e outros 60 metais que non se declaran pois non estaban previstos. Ao finalizar a explotación, a mina terá un diámetro de 20km e unha profundidade de 500m. A minería a ceo aberto dinamita a montaña para obter os minerais que están dispersos por ela. A roca tritúrase nunha mega trituradora que consume case tanta enerxía como toda a cidade de Catamarca (de 100.000 habitantes). Os metais son separados da roca no dique de cola, unha balsa de auga onde usan cianuro e outras sustancias tóxicas; o dique de cola de Alumbrera é un lago de 30 ha. e consume 88 millóns de litros de auga por día, nunha rexión semidesértica. A mina afecta en diversas maneiras ás poboacións cercanas, desaparecen camiños públicos, agótanse os acuíferos,



contaminación do principal río da zona por filtracións do dique de cola e por roturas da canle de desaugue deste dique, a contaminación da terra e da auga provoca unha alta mortandade de animais e enfermidades nas persoas, ademais de que se acelera a desertización da zona. Todo isto acontece en poboacións esencialmente rurais, arraigadas ao territorio por fortes lazos tradicionais e culturais. A saída que lles queda é a emigración, pois tampouco poden integrarse na economía mineira por non estar cualificadas. ¿Qué queda da gran riqueza que xera a minería? Hai varias respostas para esta pregunta. As poboacións catamarqueñas afectadas quedalles esperar pola caridade da empresa mineira que de cando en vez manda un botiquín a unha escola onde alimentan a catro nenxs con 100 pesos ao mes. Para o estado arxentino as ganancias oficiais son dun 1%, quedando as



África e Asia. A principal metodoloxía extractiva é a minería a ceo aberto. Onde antes había unha selva, unha montaña, un poboado, agora hai un burato enorme que comunica directamente co inferno. Pois un inferno é o que lle espera as xentes e resto de seres vivos e inertes que habitan nos lugares estratéxicos para as empresas mineiras. E mentres as poboacións destas zonas viven nun constante desplazamento, despois violentamente dos seus modos de vida e subsistencia; a xente do Norte obtemos boas ofertas que nos facilitan o acceso ás últimas tecnoloxías, avances en medicina, a mellora da nosa calidade de vida. Mentres nunha parte do mundo espándese o progreso, na outra parte espándese a miseria.

Máis esta breve análise non é nengunha novidade. A novidade é que ca actual transformación económica as fronteiras que separaban o Norte do Sur están cambiando, o Sur crece a pasos de xigante. Se ben a Galiza sempre foi máis do Sur que do Norte, a diplomacia europea, que antes nos tiña un certo respecto, agora pretende espandar esa miseria polas nosas terras, contando co beneplácito dxs políticxs galegxs electxs democráticamente.

No ano 2010 a UE publica unha listaxe de 14 substancias estratéxicas, de abastecemento non garantido. Entre elas atópanse os famosos Wolframio e Tántalo, este último asociado co niobio

[.]pero despois de anos de experiencia como habitante da Galiza, teño motivos de sobra para pensar que non vai ser así. E o que sí me creo é que a comunidade se divide entre as que rexeitan estes abusos, as pouquísimas que se enriquecen directamente, e as que non saben de onde lles ven o vento[.]

en mancomún xa presentaron 120 alegacións a este proxecto. Esta actividade extractiva afecta ao espacio natural delimitado e protexido das Ribeiras do Miño, danaría tamén cursos de auga públicos, patrimonio arqueolóxico, terreos de especial interese agrario e sometería a centenas de vivendas á exposición a ruidos e vibracións.

SALVEMOS CABANA!

Corcoesto no concello de Cabana de Bergantiños. A multinacional Edgewater Exploration-Minera de Corcoesto, quere dinamitar 770ha (700 campos de fútbol) para extraer 1.045.000 onzas de ouro. Xs propixs veciñs din que hai xa 15 anos que se lles pediu permiso para investigar nas suas leiras, á empresa para realizar sondaxes nestas terras sen que a administración fixera unha exposición pública xs veciñs.

O de Corcoesto é un asunto bastante mediático, tanto polo posicionamento en contra de toda a comarca, como polos intereses públicos e privados que hai detrás desta mina. Xa hai uns meses que xs veciñs promoven manifestacións e reunións informativas para paralizar a obra. A pesar deste rexeitamento nin a empresa nin a administración abandonan este proxecto.

Edgewater ten contratados os servizos da empresa galega "Guindeira. Comunicación y Eventos S.L" da que é

coadministradora Navia Franco Barreiro. A señora Navia é a responsable de comunicación e relacións externas da multinacional Edgewater, e ademais é a esposa do Director Xeral de La Voz de Galicia, Lois Blanco, e filla do avogado bancario, escritor e académico da Real Academia Galega, Xosé Luis Franco Grande; este último publicou un artigo no mesmo xornal criticando a oposición ao proxecto mineiro. Por soltar máis datos, dicir que a Cámara Oficial Mineira de Galicia, organismo tutelado pola Consellería de Economía e Industria da Xunta, tamén é un importante cliente da empresa "Guindeira. Comunicación y Eventos S.L". E nin que dicir ten que dende o xornal La Voz de Galicia publicanse noticias que apoian a introdución da minería na Galiza. Total, como todo queda na casa....

E dende a administración tamén poden utilizar a escusa dos postos de traballo



extraoficiais que nunca coñeceremos. Para a terra queda a devastación e contaminación total

Gran parte do pobo arxentino intenta resistir á invasión mineira encabezada polas multinacionais e orquestada polos diferentes organismos de goberno.

NOVAS VIAS DE INVESTIMENTO NA GALIZA

Na actualidade as principais actividades extractivas da industria mineira do "mundo civilizado" localízanse en América do Sur,



esta é unha zona de gran potencial productivo nunha comarca principalmente agraria. A situación ven sendo a mesma que noutros lugares, unha explotación mineira desas características unicamente beneficiaría a unha empresa privada e foránea, xeraría apenas unha docena de postos de traballo temporais e arruinaría para sempre as terras explotadas. Esta situación choca frontalmente contra o sustento e beneficio económico e social permanente, que xeran docenas de familias e explotacións que viven neste medio rural.

Rematada esta manifestación, imos visitar os restos dunha antiga mina de Feldespatos en Pedra Alta no Parque Empresarial de Sarreaus, Concello de Xinzo de Limia. A empresa Feldespatos Sarreaus S.L abandonou hai anos estas instalacións, deixando, entre unha morea de escombros e ruínas, seis bidóns de 200 litros con ácido fluorhídrico (hoxe en día xa retirados), un depósito de produtos corrosivos e instalacións de duchas para lavados de emerxencia. O material acumúlase ao lado –e flota na auga– da balsa da Lagoa de Antela da que se extraían as áreas para a explotación de feldespatos.

As administracións públicas da Xunta

(Inspección Ambiental, Confederación Hidrográfica, Conservación da Natureza e Concello de Sarreaus) miran para outro lado, facendo falta a denuncia pública, en Xullo de 2012, da organización cidadá "Ríos Limpos" para que estas administracións tomaran cartas no asunto, aínda así ata a fecha non hai responsables.

CARTELLE, ARNOIA, CASTRELO DE MIÑO E RAMIRÁS

Proxecto de investigación do Dereito Mineiro nº5258 de Wolfram Aureense, sobre unha superficie de 1680 ha. nos concellos de Cartelle, Arnoia, Castrelo de Miño e Ramirás, solicitado pola empresa salmantina Minas y Geología.

Asociacións veciñais destes municipios, concellos e representantes de montes veciñais

ou columbio chámase Coltán, e tamén se fala das "Terras Raras" 17 elementos presentes na natureza en proporcións moi baixas (China extrae o 90% na actualidade). Estes minerais son fundamentais para manter a sociedade e a economía capitalista. A UE depende de terceiros países para abastecer a súa industria.

Un dos obxetivos económicos da nova UE é acadar certo nivel de autoabastecemento de tan prezados minerais. Para os próximos anos o goberno galego, español e europeo, e as multinacionais teñen proxectadas novas vías de investimento. As zonas afectadas negativamente pola transformación económica seguiremos sendo reservas enerxéticas.

A extracción mineira non é nunha novidade na Galiza. O Wolframio, por exemplo, é un bello coñecido da industria mineira galega. Este mineral axudou a manter a debilitada economía española da época da posguerra. Na Galiza a extracción tivo especial intensidade no Barbanza, foi unha explotación breve pero intensa, pois o mineral deixou de interesar no 1945 ao concluir a Segunda Guerra Mundial. Esta actividade trouxo moita riqueza. Máis ¿que acontece cando finaliza a extracción do mineral? Que o que onte foi pan hoxe é fame, e comarcas que

viron mellorar rápidamente o seu nivel de vida, viron tamén como ese nivel se estancaba e incluso mermaba nas décadas seguintes.

VIANA DO BOLO

Non é necesario remontarse ás actividades mineiras da primeira metade do século xx. Na aldea de Penouta no Concello de Viana do Bolo, podemos ver, tocar, pisar, saborear e respirar o "progreso" que introduce a minería a ceo aberto. Nueva Rumasa explotou nos anos 80 un xacemento mineiro de estaño, expropiado polo estado no ano 1983. Dende a aldea pódese achegar andando a este xacemento abandonado, unha profunda ferida na montaña, un enorme monstruo de lama removida.

Aos pes da explotación, ó outro lado da estrada, están as ruínas da instalación onde se almacenaba e analizaba o mineral. Un pouco máis dentro do val, balsas de auga do dique de cola onde se separaba o mineral da rocha. A Sociedade Galega de Historia Natural, informa de que Nueva Rumasa abandonou esta explotación sen asumir ningunha responsabilidade na recuperación ecolóxica da zona. Tanto nas entubeiras, na balsa de auga, nas ruínas da instalación, depositanse restos de produtos químicos en contacto directo



ca terra.

A simple vista non parece que esta mina causara grandes estragos en Penouta, e no monte que a rodea. Comparada ca inmensa riqueza natural desta zona, colindante co Espazo Natural Protexido de Pena Trevinca, a mina parece un mal menor, incluso recuperable co tempo. Esperanza, esta, que se debilita cando se afina un pouco máis o ollo e se repara nas pequenas cousas que non se ven. Por exemplo, como os produtos químicos filtranse pola terra, pola auga, alterando a estrutura biolóxica natural das cousas, ca larga traendo consecuencias difíciles de asumir, coñecidas por todas e constatadas por anos de estudos científicos. Ou como, as veces, alterar a orografía dos terreos, produce tamén pequenas alteracións na composición do solo, nos cursos de auga, no clima... E si ademais se presta atención, o resto dun lume por aquí, outro incendio por alí, un embalse, os eólicos... ¡En fin todo suma! ¡Canto progreso! ¡Viva, viva!

Canto progreso! E cando subes co coche a Penouta o que ves son aldeas, campos, hortas, animais, tractores, camiños de vacas, regatos, bares de aldea... Directamente relacionados con certas actividades económicas que xeran grandes ganancias, como a minería, e aparentemente alleos ao progreso industrial e tecnolóxico. Volvendo de Penouta, podes parar na vila de Viana do Bolo, famosa polo seu entroido, non polo seu desenrolo económico, industrial ou tecnolóxico. Unha vila de xente amable onde a mina de Nueva Rumasa é recordada polos escasos postos de traballo que trouxo.

Hoxe no ano 2013, 30 anos despois,



parece que 50 afortunados Terán a posibilidade de descubrir a experiencia de traballar nunha mina. Exactamente na antiga explotación, Pacific Strategic Minerals-Salamanca Ingenieros SL. Esta multinacional canadiense evalúa, por medio de sondeos, a posibilidade de recuperar a explotación para extraer 990 tn de tántalo e recuperar o estaño dos estériles, das entubeiras e do dique de cola. O tántalo úsase na industria armamentística, tecnolóxica e aeroespacial e o seu coste no mercado é de 192 euros por Kilo. A cambio de enriquecerse a empresa comprométese a crear 50 postos de traballo non cualificados, por suposto, e a contribuir á recuperación ambiental da zona unha vez rematada a actividade. Polo momento en Viana do Bolo e Penouta a noticia dos postos de traballo é ben recibida, e as ecoloxistas incurabeis teremos que agardar uns anos

XINZO DE LIMIA

Por se o exemplo de Penouta aínda non nos di nada, podemos continuar de ruta antiturística pola Galiza, ata Xinzo de Limia, tamén na provincia de Ourense. O pasado 27 de marzo houbo unha manifestación convocada pola plataforma Corno do Monte - "A mina ou nos". Esta é unha plataforma constituída por veciñs de diferentes localidades, afectadxs polo proxecto *Faramontaos 5089.1*. Proxecto que a empresa de Castellón MINERCER SL presentou na Dirección Xeral de Minas. A inversión para realizar este proxecto sería de 1'2 millóns de euros. O feldespato úsase na industria do vidro, da cerámica e da pintura, o seu precio no mercado está entre os 200 e 300 euros por tonelada.

Este proxecto abarcaría 400ha, ten o seu centro no lugar coñecido como Corno do Monte, afecta a diversos municipios (San Pedro, Laroá, Fiestras, Rebordechá, Paredes, Moreiras, Faramontaos e Seoane) e destrozaría a base económica de máis dun cento de familias que viven destas terras. Pois

para comprobar se o compromiso ambiental é unha realidade ou simplemente algo con que adornar o proxecto. A fin de contas, despois do destrozo deixado por Nueva Rumasa, onde nin Estado nin Xunta esixiron responsabilidades, creo que temos motivos de sobra para desconfiar e tamén para posicionarnos.

Pacific
STRATEGIC MINERALS SPAIN

ATENCIÓN

ÁREA DE INVESTIGACIÓN GEOLÓGICA

- Acceso Exclusivo a Personas y Vehículos Autorizados, con Vestimenta Adecuada y Documentación Reglamentaria.
- Es totalmente imprescindible:
 - Utilizar los Equipos de Protección Individual obligatorios (EPI's).
 - Conocer y utilizar únicamente los accesos establecidos.
 - Respetar las zonas de trabajo balizadas al efecto.

La Empresa Declina toda responsabilidad cuando se inscriba alguna de estas Advertencias. En caso de duda o desconocimiento, Absténgase de Entrar.

Si desea más información puede llamar al tlfno. 91 163 06 28 o mediante el email: contabilidad@pacificminerals.com